FONDO DE ACCIÓN SOCIAL 2010

No D.O.G. do 9 de febrero de 2011 publicouse a Resolución do 1 de febreiro de 2011, da Dirección Xeral de Relacións Laborais, pola que se ordena o rexistro, o depósito e a publicación, no Diario Oficial de Galicia, do acordo sobre criterios de repartición do Fondo de Acción Social para o exercicio 2010.

Do 9 ao 28 de febreiro de 2011.

Completar en liña a solicitude e anexos na dirección http://www.xunta.es/dxfp/fas.htm.

Asinar e presentar a solicitude xerada pola aplicación xunto coa documentación requerida perante á Unidade Certificadora correspondente.

Para o persoal con destino nos centros educativos poderán certificar os directores/as ou secretarios/as.

Ata o día 25 de marzo de 2011, as Unidades Certificadoras:

a) Comprobaran, validarán, imprimirán e selarán as solicitudes.

b) Entregarán tada a dcomentación aos solicitantes.

Ata o dia 20 de abril de 2011.

Os solcitantes presentarán toda a documentación no rexistro xeral da Consellería de Presidencia, delegacións provinciais das distintas consellerías ou oficinas de correos, dirixidas ao director xeral da Función Pública (edificio administrativo San Caetabi nº 1, 15771-Santiago de Compostela).

CALENDARIO DAS PAU 2011

Convocatoria de xuño 2011: días 8, 9 e 10.

Convocatoria de setembro 2011: días 14, 15 e 16

1º Día

MAÑÁ:
9:00 Presentación
10:00 **Lingua Castelá e Literatura**
11:30 Descanso
12:15 **Historia de España/04 Historia da Filosofía**
13:45 Fin de sesión

TARDE:
16:00 **Lingua Galega e Literatura**
17:30 Descanso
18:15 **Lingua Estranxeira**
19:45 Fin de sesión

2º Día

MAÑÁ:
9:00 **Matemáticas II/GregoII/Técnicas Exp.Gráfico-Plástica**
10:30 Descanso
11:15 **Ciencias da Terra e Ambientais/Literatura Universal/Deseño**
12:45 Descanso
13:30 **Química/Latín/Debuxo Artístico II**
15:00 Fin de sesión

TARDE:
16:30 **Bioloxía /Mecánica/Historia da Arte**
18:00 Descanso
18:45 **Electrotecnia/Matemáticas aplicadas ás Ciencias Sociais/Artes Escénicas/Imaxe**
20:15 Fin de sesión

3º Día

MAÑÁ:
9:00 **Física/Xeografía/Análise Musical II/**
10:30 Descanso
11:15 **Tecnoloxía Industrial II /Economía da Empresa**
12:45 Descanso
13:30 **Debuxo Técnico/Historia da Música e da Danza**
15:00 Fin de Sesión

BOLETÍN INFORMATIVO Nº 6

Febreiro - 2011

Castro Candaz

INSTITUTO DE EDUCACIÓN SECUNDARIA

LAMA DAS QUENDAS DE CHANTADA

R/ Alférez Baanante s/n
27500 - Chantada (Lugo)
T. 982 440 551 - **F**. 982 440 912
e-mail: ies.lama.quendas@edu.xunta.es
http://centros.edu.xunta.es/ieslamaquendas

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

Actividades do mes de febrero de 2011

PROGRAMA COMENIUS

Os pasados 21, 22, 23 e 24 de febreiro, e a través do **"Programa Comenius"** desenvolvido no noso centro polo **"Departamento de Inglés"**, o instituto acolleu a alumnado e profesorado de intercambio do centro **Hjørring Gymnasium**, de **Dinamarca**.

Este programa continuará o vindeiro curso polo que, en outubro de 2011, volveremos ter outra visita, mais desta volta cun maior número de alumando danés.

CAMPIONATO DE XADREZ

Rematou o campionato de xadrez celebrado entre o 1 e o 25 de febreiro e que tivo como gañador a **Gabriel Pérez Varela** e a **Alberto Pérez Sánchez**, como segundo clasificado.

Nesta imaxe podemos ver o desenvolvemento da final que xogaron estes dous alumnos de 1º ESO C.

Actividades para o mes de marzo de 2011

Os departamentos de Grego e Latín realizarán unha viaxe na que participará alumnado de Grego, Latín e Cultura Clásica, para asistir ás representacións teatrais tituladas ***Medea*** de Eurípides e ***Miles Gloriosus*** de Plauto que terá lugar no Auditorio Municipal de Lugo o día 15 de marzo de 2011, con saída do Instituto ás 9:35 horas e chegada ao mesmo punto de partida ás 20:00 horas aproximadamente.

O departamento de Música organiza, para o vindeiro 23 de marzo, co alumnado de 3º ESO de Música, unha ***visita guiada polo Mosteiro de Celanova*** cun ***concerto didáctico de órgano*** impartido pola profesora e concertista de órgano **dona María Soledad Mendive Zabaldica**, na que o alumnado terá a posibilidade de coñecer un pouco máis sobre este impresionante instrumento musical, e a oportunidade de tocar tres ou catro pezas acompañados polo mesmo.

Dende os departamentos de Xeoloxía e Bioloxía e Axenda 21 Escolar, informan que o luns 21 de marzo de 2011 terá lugar a celebración do ***Día da Árbore***, para o que están a preparar a planta de novas especies na nosa carballeira así como distintas actividades relacionadas.